

Por todo isto EXIXIMOS:

1. O cesamento inmediato de calquera cargo público relacionado cun caso de violencia machista.
2. A recuperación da Secretaría Xeral de Igualdade, así como do Servizo Galego de Igualdade, con orzamentos e persoal efectivos.
3. Un sistema público galego de atención ás persoas, con dotación dabondo que atenda as necesidades das persoas usuarias e os dereitos laborais do persoal.
4. Os Centros de Crise 24 horas, así como os Centros de Información ás Mulleres, deben ser recursos públicos, xestionados directamente pola Administración, con persoal competente e que dean cobertura a todo o territorio, tendo en conta a dispersión xeográfica do país.
5. A aplicación do Convenio 190 da OIT, garantindo unha protección real contra todo tipo de violencia e acoso no traballo.
6. Rexistrar só os plans de igualdade e os convenios colectivos que conteñan medidas efectivas para eliminar a fenda salarial.
7. Atención da saúde integral con perspectiva de xénero que pase pola investigación de enfermidades relacionadas coa saúde das mulleres.
8. Revalorizar economicamente as carreiras e profesións vinculadas ao coidado das persoas destinando os fondos que sexan necesarios.
9. Realización de informes de investigación onde se recollan os datos e se analicen os erros detectados no sistema de denuncia e na atención ás vítimas de violencia machista e que acheguen solucións efectivas para garantir a súa protección.
10. Para que todo isto sexa unha realidade, instamos o Goberno da Xunta a aprobar un PLAN GALEGO POLA IGUALDADE.

Porque Retroceder en Dereitos Incrementa a Violencia

POR UNHA GALIZA
CON DEREITOS
TRABALLO DIGNO E
IGUALDADE



Secretaría das mulleres

Mobilízate coa **CIG** o **martes 25 de novembro**, participa no **Encontro Nacional de Mulleres da CIG** (Salón de Actos da Facultade de Políticas, Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n, Santiago de Compostela), ás **10:30 horas** e na manifestación posterior, **saída** desde alí, **remate** na (Rúa San Pedro de Mezonzo, diante da Sede do PP). Contacta coa túa federación para organizar os desprazamentos.

Fai parte activa das **MOBILIZACIÓNS da tarde** convocadas pola **MMM** e outros colectivos feministas do país.



DÍA INTERNACIONAL PARA A
ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES



RETROCEDER

en dereitos

INCREMENTA

a violencia

POR UNHA GALIZA CON DEREITOS
TRABALLO DIGNO E IGUALDADE



Secretaría das mulleres

RETROCEDER en dereitos

INCREMENTA a violencia

Os casos de Alfonso Villares (o Conselleiro do Mar da Xunta de Galiza foi imputado por un delito de agresión sexual) ou de Matías González Cañón (candidato do PP na Illa de Arousa condenado por violencia de xénero contra a súa exparella) demostran que, desde o goberno do PP na Xunta de Galiza, defenden e perdoan condutas machistas e violentas, asentando no imaxinario colectivo do pobo dúas perigosas mensaxes: que a violencia de xénero é algo que se pode perdoar, e que as mulleres realizan denuncias falsas que poñen os homes nunha situación de indefensión, situándose a carón deles e non das vítimas.

A reorganización do organigrama da Xunta en materia de loita contra a violencia machista non foi casual. Suprimiron a Secretaría Xeral da Igualdade, reducíndoa a unha dirección xeral (só de Promoción), desvinculando a Violencia de Xénero da Promoción da Igualdade e poñendo á fronte un home (abordando a violencia desde unha perspectiva técnica e xurídica, non integral), orixinando que en xuño do pasado ano a CIG, xunto con outros 41 colectivos feministas galegos, instáramos a Valedora do Pobo a que interviñese.

É a maior parálise na institucionalización das políticas de igualdade de xénero desde a supresión do SGI (Servizo Galego de Igualdade) na Xunta de Galiza logo de que o PP volveuse ao goberno no ano 2009 tras o bipartito PSOE-BNG, e realizada xusto cando a taxa de violencia de xénero en Galiza aumentou case un 10% a respecto do 2024. De media, os xulgados de violencia contra as mulleres reciben 21 denuncias, case unha denuncia cada hora.

Por outra banda, os centros de atencións ás vítimas 24 horas, os servizos de axuda ao fogar, os centros de día ou as residencias para persoas maiores e dependentes, están en mans de empresas lucrativas que gañan licitacións públicas a cambio de precarizar dereitos das persoas usuarias e traballadoras destes servizos, de igual xeito que acontece coa atención á discapacidade, conciliación e responsabilidade (comedores escolares, campamentos, comedores e cociñas, limpeza, servizos de madrugadores, escolas infantís, casas niño no rural, etc.) ou cos centros residenciais construídos ou equipados por oligarcas que logo ceden a institucións públicas, co afán de deducir e branquear o capital.

Nin a pandemia, o envellecemento da poboación, a crise demográfica ou a dispersión xeográfica, nin a presión das mulleres esixindo cambios, foron motivos dabondo para que os gobernos invistan orzamentos públicos destinados a un cambio do sistema no que a vida das persoas se sitúa no centro das políticas públicas. A Lei de Dependencia segue sen ser

desenvolvida e os dereitos das persoas a seren coidadas continúan sen ser garantidos. Por iso, seguimos a exixir servizos sociais de atención ás persoas públicas e de xestión directa, e que tanto a tramitación como a asignación dos recursos e a súa xestión non sexan privatizados nin empregados para o lucro das empresas, nin para a explotación das mulleres traballadoras, onde hai unha importante presenza de migrantes.

Pese a que o Goberno do Estado presumía de poñer en marcha as políticas máis avanzadas de Europa, o certo é que estas se reduciron a simples transposicións de directivas europeas, que mesmo supuxeron un tirón de orellas á coalición PSOE/SUMAR tanto en materia de dereitos de conciliación como de igualdade.

A meirande parte destas medidas foron reducidas a propaganda. Non hai unha aplicación real de medidas nos centros de traballo, nin protocolos efectivos que preveñan, actúen e sancionen os acosos nas empresas, ao non existir nin sequera un desenvolvemento normativo do Convenio 190 da OIT que protexa contra a violencia no traballo. Tampouco existen datos e investigacións oficiais que recollan o número de denuncias de apertura dos protocolos de acoso, as resolucións adoptadas, ou que afonden nos erros detectados no sistema de denuncia e na atención ás vítimas de violencia machista para evitar que se produzan máis agresións ou mesmo feminicidios.

Os plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, xunto coa lexislación en materia retributiva, non serviron para eliminar a fenda salarial, que só se reduce por mor da igualación da precariedade do traballo tanto de homes como de mulleres.

Os nesgos de xénero seguen a dominar os ensaios clínicos, diagnósticos e tratamentos. Non se investigan problemas de saúde específicos como a endometriose, menstruación e menopausia. Os dereitos sexuais e reprodutivos seguen pendentes dun acceso universal (sexa á anticoncepción ou ao aborto legal e seguro, pendente aínda de ser unha realidade). O uso excesivo de antidepressivos, analxesia e somníferos por parte das mulleres (cis ou trans) é unha evidencia da falta de atención da saúde con perspectiva de xénero.

En vez de empregar os fondos europeos en igualdade e interseccionalidade enfocan a transición dixital, verde e demográfica cara a descarbonización e dixitalización das economías europeas, polo que a segregación profesional seguirá permanecendo inalterábel, beneficiando as carreiras STEM fronte ás profesións vinculadas ao coidado das persoas, que permanecerán infravaloradas e mal remuneradas.

POR UNHA GALIZA CON DEREITOS TRABALLO DIGNO E IGUALDADE